

# DISTO HAI VINTE ANOS

A escultora **Encarna Penelas** en retrospectiva



Do 15 de decembro de 2023  
ao 31 de marzo de 2024

Casa Galega da Cultura

**CONCELLO  
DE VIGO**



DISTO HAI VINTE ANOS

A escultora Encarna Penelas en retrospectiva

Casa Galega da Cultura. Concello de Vigo

15 de decembro de 2023 - 31 de marzo de 2024

Vigo comprácese en ser anfitrioa dunha retrospectiva de Encarna Penelas, viguesa de adopción, que ben merece o noso recoñecemento. Escultora e pintora, trátase dunha das grandes artistas que principiou a súa carreira nas aulas da nosa benquerida Escola de Artes e Oficios. Talento, curiosidade e gana de aprender foron os vimbios dunha traxectoria artística repleta de éxitos.

As cincuenta pezas que locen nesta mostra forman parte da herdanza artística de Encarna, da súa particular visión da natureza e da vida. Ao longo das décadas dos 80 e 90, adicou o seu tempo a crear beleza sobre óleos, con barro ou madeira. Unha carreira artística moi prolífica que, aínda que rematou hai vinte anos, nos deixou esculturas e pinturas de gran calidade. Temos a sorte de poder darlle as grazas persoalmente porque Encarna Penelas segue vivindo con paixón e buscando a excelencia desde a atalaia dos seus privilexiados noventa anos. No nome de toda a cidade, agradecemoslle a súa entrega e a súa destreza artística con obras que transcenden ao tempo.

Quero convidar a todo Vigo a gozar de Disto hai vinte anos. Percorramos na Casa Galega da Cultura dúas décadas de innovación, paixón e excelencia.

Abel Caballero  
Alcalde de Vigo



## ENCARNA PENELAS, ARTISTA INTERROMPIDA

José Ballesta, comisario.

No ano 2013 unha xornalista de Faro de Vigo<sup>1</sup> inquiría a Encarna Penelas sobre as razóns do rotundo abandono da súa carreira artística dez anos atrás. "Casi nada que contar" - foi a súa resposta. "Me quedé como vacía", engadía.

Non deixan de sorprendernos os motivos que a artista dá aínda que nos parezan lexítimos e razoables. Resulta difícil de entender que non houbera motivación máis fonda para unha renuncia tan radical por parte de alguén que entregara á creación plástica máis de tres décadas da súa vida; unha artista que no momento da ruptura atopabase en plena madurez e dominio técnico que a convidaban a experimentar e non repregarse.

Tendemos a pensar que tralo radical abandono da profesión poideron existir tamén razóns de índole extraartística como un ambiente persoal pouco favorable á creación talvez.

Polas escasas intervencións que Encarna fixo nos medios de comunicación, falando sempre coa naturalidade e humildade que lle son características, é como imos reconstruír a súa biografía.

### Un comezo convencional

Encarna nace o 14 de abril de 1933 en Codeseda, A Estrada. De nena, comenta a artista, era imaxinativa, xoguetona e dábbase boa maña en facer bonequiños de trapo. Recíbe o primeiro ensino na escola unitaria da parroquia e despois con trece anos ingresa interna no colexio vigués das Carmelitas por iniciativa do seu pai Perfecto Penelas, propietario de Calzados El Globo en A Estrada e Vigo, que desexaba para a filla a mellor preparación posible. A cidade á que chega e a aldea que deixa formarán desde entón o dobre mundo en que vaise mover Encarna.

Finalizados os primeiros estudos a familia anima a Encarna a que se prepare para mestra cousa que rexeita rotundamente. Casa en 1959 en Vigo e comeza, como tantas outras mulleres da súa época, unha vida convencional de dedicación "ós seus labores".

ESCUELA MUNICIPAL DE ARTES Y OFICIOS DE VIGO

EJEMPLAR PARA SECRETARIA

CURSO 197 - 7

MATRICULA - CARNET

NOMBRE Encarna  
APELLIDOS Penelas Tallado  
hija de Perfecto y de Blandina  
natural de Codeseda provincia de Pontevedra  
de 42 años, de profesión Escultora  
domiciliada en la calle de 2 de Mayo número 24 piso 2  
solicita matrícula en las asignaturas siguientes:  
1. Modelado y Bajorrelieve  
2. Escultura  
3.  
4.  
5.  
6.

Vigo, 18 de septiembre de 1975  
La Interesada,  
Encarna Penelas

Núm. de la matrícula 42

Ficha de matrícula da Escola de Artes e Oficios de Encarna Penelas. 18 de setembro de 1975. Cortesía da EMAO-Vigo.

Esa é a "profesión" que fai constar Encarna cando se matricula na Escola de Artes e Oficios un 18 de setembro de 1975.

Ese día, con corenta e dous anos, a vida de Encarna toma un rumbo distinto. Na Escola recibe clases na especialidade de modelado/baleirado, sen gran proveito segundo ela mesma comenta. "No nos enseñaban casi nada, ni siquiera a vaciar", faciamos "moita terracota baseada en el folclore galego: galeguiñas". Máis interesantes foron sen dúbida as clases de talla en madeira que na Escola recibiu do gran escultor galego Camilo Nogueira.

Pola mesma época Encarna tamén entra en contacto coa pintura. Durante seis meses asiste ás clases do pintor Castro Couso integrándose no colectivo Abracadabra, que fundara o artista coa súa muller Ana Pasarín. Con eles Encarna participa na súa primeira exposición colectiva, a mostra da Praza de Princesa do mes de xaneiro de 1978.



Encarna Penelas (Esq.) con Laxeiro.

### **Autodidacta e escultora**

En varios dos textos informativos que acompañan ás súas exposicións, Encarna subliña a súa condición de autodidacta. Verdadeiramente esta primeira formación artística decontado quedou superada polas súas inquedanzas creativas que a levaron a estudar, visitar exposicións, feiras de arte... "Enseguida me fui por mi cuenta [...] a mí me apetecía más trabajar sola. Me cundía más"

A súa primeira exposición individual será en 1979, na sala da Delegación de Cultura en Pontevedra. Titulada "Abstraccións, bodegóns, paisaxes" agrupa varios dos seus primeiros óleos acompañados por texto de Castro Couso.

Desde entón Encarna mergullase de cheo na creación e, aínda que nunca vai deixar de pintar, os seus pasos dirixense sobre todo polo camiño da escultura. Primeiro en madeira; logo suma a pedra, mármore ou granito; finalmente chega ó bronce.

Do seu pequeno e improvisado estudio na casa de Vigo, e dos espazos máis amplos dos que goza en Codeseda, comezarán a saír pezas nas que vemos a Encarna experimentando de continuo con formas, tamaños, acabados, texturas... dominando cada vez mellor técnica e materia.

As décadas seguintes dos 80 e 90 son verdadeiramente intensas para a artista. Das mostras nas salas viguesas e galegas como Van Gogh, Cerralbo, Abel Lepina, Citania... moi pronto pega o salto a Madrid onde expón por vez primeira en 1984 na Galería Múltiple 4.17 con excelentes críticas. O ano seguinte 1985 será crave na expansión da súa carreira. Participa na feira ARCO e nas internacionais de Montreal ou Basilea.

Encarna Penelas, dez anos atrás unha completa descoñecida, atopase neste momento plenamente recoñecida e integrada no tecido artístico da época. Destaca a fonda amizade que fai con Laxeiro<sup>2</sup> quen a consideraba "una gran escultora" e quen a apadriña en Madrid compartindo sala con ela en 1987 na reputada galería Galería Balboa 13.



Encarna Penelas na casa de Codeseda. (Faro de Vigo/Bernabé)

Tras estas dúas décadas de actividade, chegado ó novo milenio, Encarna sen moita explicación desaparece do panorama artístico. Non só deixa de expoñer. E que tamén deixa de crear.

En 2016 a catedrática de arte Pilar Vicente de Foronda no seu artigo *40 escultoras españolas del Siglo XX*<sup>3</sup> inclúe a Encarna Penelas na súa selección. Ela, con Elena Colmeiro, son as únicas representantes galegas.

Consideramos que ten pasado demasiado tempo, que se ben Encarna Penelas renunciou á creación, nós non debemos privarnos do que tal fixo hai vinte anos. Quen sabe se agora, con noventa anos cumpridos, con esta mostra coa que a agasallamos, non vai recuperar a artista a ilusión novamente, e tomar as gubias e ciceis para ofrecernos novas mostras do seu talento.

1 Faro de Vigo, 19.05.2013.

2 Da boa relación con Laxeiro dá fe que o pintor retratou a Encarna tres veces, en carbón, lapis e óleo.

3 Vicente de Foronda, Pilar: "40 escultoras españolas del siglo XX" en *Arte, Individuo y Sociedad*. 2016, 28(3) 533-552, Universidade Complutense de Madrid.



Encarna Penelas en Codeseda, A Estrada (Faro de Vigo/Bernabé)

## **Vibración interna**

Beatriz Liz de Cea, comisaria.

En 2013 Encarna Penelas explica a razón da súa desaparición do panorama artístico coa frase, "Me quedé como vacía".<sup>1</sup> A aparente claridade da artista á hora de xustificar o cese da súa actividade remitenos á súa concepción da arte. A necesidade expresiva de Encarna é inseparable das súas pezas. Cando sentiu que non tiña nada que dicir, apartouse voluntariamente e sen moito rebumbio. Trinta anos de traballo artístico que semella esgotarse a comezos do novo milenio.

É necesario enmarcar á escultora e pintora no seu contexto. Non podemos analizar a súa obra desde a estricta contemporaneidade. Temos que situarnos nas décadas da súa creación. Encarna entra no mundo da arte por mera curiosidade e inquedanza, cando xa rebasa os corenta anos. Nos seus inicios, non parece albergar unha aspiración artística mais aló da manifestación da súa sensibilidade. No entanto, sen ambicións iniciais, chega, en moi pouco tempo, a ter unha gran relevancia no panorama escultórico. Mais, se temos en conta, se nos cinguimos, ao ámbito feminino.<sup>2</sup>

## O CAMIÑO DA ESCULTURA

Dos seus inicios falan obras como *Mans* (ca. 1980) ou *Menina* (ca.1980), pezas en barro da primeira aprendizaxe na Escola de Artes e Oficios de Vigo. Traballos de marcada figuración, de “oficio”, de control da materia coa que se enfronta. Di Encarna que as leccións de Camilo Nogueira foron as que a levaron a esforzarse no dominio da técnica. *Parella* (ca.1980), tratada a modo de relevo, e *Muller* (ca.1985), figura que emerxe da madeira con liñas curvas e compactas, reflicten esas primeiras investigacións tridimensionais.

A obra de Encarna evoluciona paulatinamente cara a figuras pechadas en si mesmas. Teñen unha rotundidade moi marcada e gustan do volume. A obra *Tótem* (ca.1987) é un exemplo desta contundencia. Nela a artista lévanos ademais ao simbólico e ancestral.

Agora ben, aínda que falamos de obras con moito peso, non son estáticas. Hai nelas unha “vibración interna” como en *Maternidade* (ca.1985) ou *Muller* (ca. 1998). Esta vibración, a sensación de que as pezas teñen unha enerxía cinética interior é unha das singularidades das obras de Encarna. Súmase a isto, o gusto polo curvilíneo, como se aprecia en *Parella deitada* ou *Muller deitada*, das que non temos data exacta, obras dunha sensualidade moi marcada.

Encarna non se encasilla na madeira. Pronto pasa á rocha: o mármore, o granito<sup>3</sup>, despois o bronce.

No mármore a contraposición de texturas é moi apreciable. Figuracións que semellan inconclusas se aúnan a elementos puídos, como podemos observar en *S/t.* (ca. 1985).

Preguntamos a Encarna sobre esta confrontación das texturas. Relata como o puído sae pouco a pouco do mármore; como a man esforzada chega á pulcritude. Sinala entón unha peza en mármore veteado, *S/t.* (ca.1983), como unha das obras de maior relevancia da súa colección. A minuciosidade do acabado é exquisita e brillante. Aí nace a satisfacción de Penelas, do intenso diálogo coa materia, do lustre manual que aborda durante días, incluso meses.

As mesmas características do gusto polo volume, o encontro de texturas, os puídos, materialízanse tamén no bronce (*Muller*, ca.1985). Acentúase aquí o curvilíneo e, en consecuencia, o xogo de luces e sombras (*Maternidade*, ca.1998). En obras como *Torso* de considerable tamaño, vemos como Encarna aproveita, ademais, as posibilidades da pátina e oxidación que o bronce lle permite.


Na obra de Encarna Penelas son apreciables as influencias de Boccioni e especialmente de Brancusi no que se refire á depuración das formas. Figuración e abstracción están en constante debate. Como consecuencia as formas camiñan cara a simplificación, agora ben, sen a negación absoluta da figuración. Hai nelas unha impronta persoal única, “Se saben que son mías” xactase Encarna. Estamos dacordo con ela.



Tótem (ca. 1987). Madeira pintada/talla. Foto: Nando Iglesias



S/t. (ca. 1983). Mármore/talla. Foto: Nando Iglesias



Torso (sen data). Bronce/fundido. Foto: Nando Iglesias

## A PINTURA

Encarna non ten preferencias entre a escultura e a pintura. Exprésao cunha claridade absoluta. Pese a iso recalca que o proceso pictórico é “mais lixeiro”, “mais mental”, que a escultura require de máis dureza e constancia, dunha técnica precisa para controlar á materia, especialmente o mármore, duro pero de gran fragilidade.

Encarna dá os seus primeiros pasos na pintura no obradoiro Abracadabra, fundado por Castro Couso e Ana Pasarín, e é encadrada no grupo avangarda como expresionista. Estes primeiros cadros poden asociarse, efectivamente, ao expresionismo abstracto (*Equilibrio*, 1980; *Lembrando*, 1984; *Despois da noite o día*, 1985). Pero ao tempo, a pintora experimenta coa figuración (*Autorretrato*, 1980; *Parella na praia*, ca. 1985). Obras nas que albiscamos a influencia do seu gran valedor, e despois amigo, o pintor Laxeiro.

A artista admite o curioso da evolución dispar da súa pintura respecto á escultura. “Fui al revés que en la escultura”. Do abstracto pasou á figuración, ao contrario que na escultura, que depurase cada vez máis ao longo da súa evolución.

Se na escultura o xogo de texturas ten unha presenza indiscutible, na pintura é a cor, por momentos, a gran protagonista (*Fin da función*, 1982; *Lembrando*, ca. 1985; *Despois da noite o día*, 1985; *Paisaxe*, 1986). Gusta dos azuis e vermellos, con pinceladas alongadas, e noutros casos, moito mais empastadas.

A tridimensionalidade está moi presente tamén nos seus cadros. O curvilíneo da escultura é traspasado ao lenzo (*Equilibrio*, 1980; *Lembrando*, ca. 1985). O movemento interno e pausado da pintura aprézase do mesmo xeito nas súas obras escultóricas.

## A MODO DE CONCLUSIÓN

Cando te atopas fronte a Encarna Penela percíbese unha sensibilidade innata, unhas inquedanzas que latexan e que aínda perduran, aos seus noventa anos de idade. – Me intereso mucho por las cosas- coméntame. - Aun tengo inquietudes, leo mucho- Sentimos entón unha “vibración interna”. Un movemento interior que a acompaña. Está presente na súa obra. Nalgunhas pezas maduras ese movemento amósase ceibe de “ligaduras” invisibles, busca a verticalidade, flúen sen contención. Recollemos a imaxe destas pezas que se liberan, para con elas, vinte anos despois do seu “silencio”, liberen a Encarna.

1. Faro de Vigo, 19.05.2013

2. O elenco de escultoras de relevancia na época na que Encarnación Penelas inicia a súa produción é moi restrinxido.

Se tomamos Galicia como área xeográfica podemos citar a ben poucas mulleres destacadas no ámbito da escultura. Da xeración de 1930, tan só a Elena Colmeiro (Silleda, 1932) e á soriana afincada desde 1964 en A Coruña, Mária Hernández Smet (Soria, 1935). Na xeración de 1940, Soledad Penalta (Noia, 1943) e Ánxeles Penas (Teixeiro, 1943).

3. Aínda que nesta mostra da artista non se inclúen pezas realizadas en granito, a escultora atesoura na súa vila natal de Codeseda a súa colección particular, obras a gran maioría de gran formato, e que non debemos esquecer na nosa análise.



Equilibrio (1980). Óleo/luzo. Foto: Nando Iglesias

# DISTO HAI VINTE ANOS

A escultora **Encarna Penelas** en retrospectiva

Casa Galega da Cultura

15 de decembro de 2023 - 31 de marzo de 2024

De luns a venres: De 18:00 - 21:00h.

Sábados: De 12:00 - 14:00 h e de 18:00 a 21:00h.

Domingos e festivos: De 12:00 - 14:00 h.

Pechado os días 25 de decembro de 2023 e o 1 de xaneiro de 2024



DESCARGA O FOLLETO  
GALEGO / CASTELÁN

Dep. Leg. CC-000280-2023

Fotografía da portada:

S/t  
ca. 1998  
Bronce/fundido

@nandoiglesias

## **TEXTOS EN LENGUA CASTELLANA**

“DE ESTO HACE VEINTE AÑOS. LA ESCULTORA ENCARNA PENELAS EN RETROSPECTIVA”

Vigo se complace en ser anfitriona de una retrospectiva de Encarna Penelas, viguesa de adopción, que bien merece nuestro reconocimiento. Escultora y pintora, se trata de una de las grandes artistas que principió su carrera en las aulas de nuestra bienquerida Escuela de Artes y Oficios. Talento, curiosidad y ganas de aprender fueron los mimbres de una trayectoria artística repleta de éxitos.

Las cincuenta piezas que lucen en esta muestra forman parte de la herencia artística de Encarna, de su particular visión de la naturaleza y de la vida. A lo largo de las décadas de los 80 y 90, dedicó su tiempo a crear belleza sobre óleos, con barro o madera. Una carrera artística muy prolífica que, aunque terminó hace veinte años, nos dejó esculturas y pinturas de gran calidad.

Tenemos la suerte de poder darle las gracias personalmente porque Encarna Penelas sigue viviendo con pasión y buscando la excelencia desde la atalaya de sus privilegiados noventa años. En el nombre de toda la ciudad, le agradecemos su entrega y su destreza artística con obras que trascienden al tiempo.

Quiero invitar a todo Vigo a disfrutar de “Disto hai vinte anos”. Recorramos en la Casa Galega da Cultura de dos décadas de innovación, pasión y excelencia.

Abel Caballero

Alcalde de Vigo

## **ENCARNA PENELAS, ARTISTA INTERRUMPIDA**

José Ballesta, comisario.

En el año 2013 una periodista de Faro de Vigo inquiría a Encarna Penelas sobre las razones del rotundo abandono de su carrera artística diez años atrás. "Casi nada que contar" - fue su respuesta. "Me quedé como vacía", añadía.

No dejan de sorprendernos los motivos que la artista da aunque nos parezcan legítimos y razonables. Resulta difícil de entender que no hubiese motivación más profunda para una renuncia tan radical por parte de alguien que había entregado a la creación plástica más de tres décadas de su vida; una artista que en el momento de la ruptura se encontraba en plena madurez y dominio técnico que la invitaban a experimentar y no replegarse.

Tendemos a pensar que tras el radical abandono de la profesión pudieron existir también razones de índole extraartística como un ambiente personal poco favorable a la creación tal vez.

Por las escasas intervenciones que Encarna hizo en los medios de comunicación, hablando siempre con la naturalidad y humildad que le son características, es cómo vamos a reconstruir su biografía.

### **UN COMIENZO CONVENCIONAL**

Encarna nace el 14 de abril de 1933 en Codeseda, A Estrada. De niña, comenta la artista, era imaginativa, juguetona y se daba buena maña en hacer muñecos de trapo. Recibe la primer enseñanza en la escuela unitaria de la parroquia y después con trece años ingresa interna en el colegio vigués de las Carmelitas por iniciativa de su padre Perfecto Penelas, propietario de Calzados El Globo en A Estrada y Vigo, que deseaba para su hija a mejor preparación posible. La ciudad a la que llega y la aldea que deja formarán desde entonces el doble mundo en que se va a mover Encarna.

Finalizados los primeros estudios la familia anima la Encarna a que se prepare para maestra cosa que rechaza rotundamente. Se casa en 1959 en Vigo y comienza, como tantas otras mujeres de su época, una vida convencional de dedicación "a sus labores".

Esa es la "profesión" que hace constar Encarna cuando se matricula en la Escuela de Artes y Oficios un 18 de septiembre de 1975.

Ese día, con cuarenta y dos años, la vida de Encarna toma un rumbo distinto. En la Escuela recibe clases en la especialidad de modelado/vaciado, sin gran provecho según ella misma comenta. "No nos enseñaban casi nada, ni siquiera a vaciar", hacíamos "mucho terracota basada en él folclore gallego: galeguiñas". Más interesantes fueron sin duda las clases de talla en madera que en la escuela recibió del gran escultor gallego Camilo Nogueira.

Por la misma época Encarna también entra en contacto con la pintura. Durante seis meses asiste a las clases del pintor Castro Couso integrándose en el colectivo Abracadabra, que había fundado el artista con su mujer Ana Pasarín. Con ellos Encarna participa en su primera exposición colectiva, la muestra de la Praza de Princesa del mes de enero de 1978.

## **AUTODIDACTA Y ESCULTORA**

En varios de los textos informativos que acompañan a sus exposiciones, Encarna subraya su condición de autodidacta. Verdaderamente esta primera formación artística enseguida quedó superada por sus inquietudes creativas que la llevaron a estudiar, visitar exposiciones, ferias de arte... "Enseguida me fui por mí cuenta [...] a mí me apetecía más trabajar sola. Me cundía más"

Su primera exposición individual será en 1979, en la sala de la Delegación de Cultura en Pontevedra. Titulada "Abstracciones, bodegones, paisajes" agrupa varios de sus primeros óleos acompañados por texto de Castro Couso.

Desde entonces Encarna se sumerge de lleno en la creación y, aunque nunca va a dejar de pintar, sus pasos se dirigen sobre todo por el camino de la escultura. Primero en madera; luego suma la piedra, mármol o granito; finalmente llega al bronce.

De su pequeño e improvisado estudio en la casa de Vigo, y de los espacios más amplios de los que disfruta en Codeseda, comenzarán a salir piezas en las que vemos a Encarna experimentar de continuo con formas, tamaños, acabados, texturas... dominando cada vez mejor técnica y materia.

Las décadas siguientes de los 80 y 90 son verdaderamente intensas para la artista. De las muestras en las salas viguesas y gallegas cómo Van Gogh, Cerralbo, Abel Lepina, Citania... muy pronto pega el salto a Madrid donde expone por vez primera en 1984 en la Galería Múltiple 4.17 con excelentes críticas.

El año siguiente 1985 será clave en la expansión de su carrera. Participa en la feria ARCO y en las internacionales de Montreal o Basilea.

Encarna Penelas, diez años atrás una completa descoñecida, encontrara hoy por hoy plenamente reconocida e integrada en el tejido artístico de la época. Destaca la profunda amistad que hace con Laxeiro quien la consideraba "una gran escultora" y quien la apadrina en Madrid compartiendo sala con ella en 1987 en la reputada galería Galería Balboa 13.

Tras estas dos décadas de actividad, llegado al nuevo milenio, Encarna sin mucha explicación desaparece del panorama artístico. No sólo deja de exponer. Es que también deja de crear.

En 2016 la catedrática de arte Pilar Vicente de Foronda en su artículo “40 escultoras españolas del Siglo XX” incluye a Encarna Penelas en su selección. Ella, con Elena Colmeiro, son las únicas representantes gallegas.

Consideramos que ha pasado demasiado tiempo, que si bien Encarna Penelas renunció a la creación, nosotros no debemos privarnos de lo que hizo hace veinte años. Quién sabe si ahora, con noventa años cumplidos, con esta muestra con la que la agasajamos, no va a recuperar la artista la ilusión nuevamente, y tomar las gubias y cinceles para ofrecernos nuevas muestras de su talento.

## **VIBRACIÓN INTERNA**

Beatriz Liz de Cea, comisaria

En 2013 Encarna Penelas explica la razón de su desaparición del panorama artístico con la frase, "Me quedé como vacía?". La aparente claridad de la artista a la hora de justificar el cese de su actividad nos remite a su concepción del arte. La necesidad expresiva de Encarna es inseparable de sus piezas. Cuando sintió que no tenía nada que decir, se apartó voluntariamente y sin mucho ruido. Treinta años de trabajo artístico que parece agotarse a comienzos del nuevo milenio.

Es necesario enmarcar a la escultora y pintora en su contexto. No podemos analizar su obra desde la estricta contemporaneidad. Tenemos que situarnos en las décadas de su creación. Encarna entra en el mundo del arte por mera curiosidad e inquietud, cuando ya rebasa los cuarenta años. En sus inicios, no parece albergar una aspiración artística mas allá de la manifestación de su sensibilidad. No obstante, sin ambiciones iniciales, llega, en muy poco tiempo, a tener una gran relevancia en el panorama escultórico. Sobre todo si tenemos en cuenta, si nos ceñimos, al ámbito femenino.

## **EL CAMINO DE LA ESCULTURA**

De sus inicios hablan obras como Manos (ca. 1980) o Menina (ca.1980), piezas en barro del primer aprendizaje en la Escuela de Artes y Oficios de Vigo. Trabajos de marcada figuración, de oficio, de control de la materia con la que se enfrenta. Dice Encarna que las lecciones de Camilo Nogueira fueron las que la llevaron a esforzarse en el dominio de la técnica. Pareja (ca.1980), tratada a modo de relieve, y Mujer (ca.1985), figura que emerge de la madera con líneas curvas y compactas, reflejan esas primeras investigaciones tridimensionales.

La obra de Encarna evoluciona paulatinamente hacia figuras cerradas en sí mismas. Tienen una rotundidad muy marcada y gustan del volumen. La obra Tótem (ca.1987) es un ejemplo de esta contundencia. En ella la artista los llevan además al simbólico y ancestral.

Ahora bien, aunque hablamos de obras con mucho peso, no son estáticas. Hay en ellas una "vibración interna" como en Maternidad (ca.1985) o Mujer (ca. 1998). Esta vibración, la sensación de que las piezas tienen una energía cinética interior es una de las singularidades de las obras de Encarna. Se suma a esto, el gusto por lo curvilíneo, como se aprecia en Pareja acostada o Mujer acostada, de las que no tenemos fecha exacta, obras de una sensualidad muy marcada.

Encarna no se encasilla en la madera. Pronto pasa a la roca: el mármol, el granito, después el bronce.

En el mármol la contraposición de texturas es muy apreciable. Figuraciones que semejan inconclusas se aúnan a elementos pulidos, como podemos observar en S/t. (ca. 1985).

Preguntamos la Encarna sobre esta confrontación de las texturas. Relata como el pulido sale poco a poco del mármol; como la mano esforzada llega a la pulcritud. Señala entonces una pieza en mármol veteado, S/t. (ca.1983), como una de las obras de mayor relevancia de su colección. La minuciosidad del acabado es exquisita y brillante. Ahí nace la satisfacción de Penelas, del intenso diálogo con la materia, del lustre manual que aborda durante días, incluso meses.

Las mismas características del gusto por el volumen, el encuentro de texturas, los pulidos, se materializan también en el bronce (Mujer, ca.1985). Se acentúa aquí lo curvilíneo y, en consecuencia, el juego de luces y sombras (Maternidad, ca.1998). En obras como Torso de considerable tamaño, vemos como Encarna aprovecha, además, las posibilidades de la pátina y oxidación que el bronce le permite.

En la obra de Encarna Penelas son apreciables las influencias de Boccioni y especialmente de Brancusi en lo que se refiere a la depuración de las formas. Figuración y abstracción están en constante debate. Como consecuencia las formas caminan hacia simplificación, ahora bien, sin la negación absoluta de la figuración. Hay en ellas una impronta personal única, “se saben que son mías” Se jacta Encarna.  
Estamos de acuerdo con ella.

## **LA PINTURA**

Encarna no tiene preferencias entre la escultura y la pintura. Lo expresa con una claridad absoluta. Pese a eso recalca que el proceso pictórico es “más ligero”, “más mental”, que la escultura requiere de más dureza y constancia, de una técnica precisa para controlar a la materia, especialmente el mármol, duro pero de gran fragilidad.

Encarna da sus primeros pasos en la pintura en el taller Abracadabra, fundado por Castro Couso y Ana Pasarín, y es encuadrada en el grupo *avanguardia* como expresionista. Estos primeros cuadros pueden asociarse, efectivamente, al expresionismo abstracto (Equilibrio, 1980; Recordando, 1984; Después de la noche el día, 1985). Pero al tiempo, la pintora experimenta con la figuración (Autorretrato, 1980; Pareja en la playa, que. 1985). Obras en las que vislumbramos la influencia de su gran defensor, y después amigo, el pintor Laxeiro.

La artista admite lo curioso de la evolución dispar de su pintura respecto a la escultura. “Fui al revés que en la escultura”. Del abstracto pasó a la figuración, al contrario que en la escultura, que se depura cada vez más a lo largo de su evolución.

Si en la escultura el juego de texturas tiene una presencia indiscutible, en la pintura es el color, por momentos, el gran protagonista (Fin de la función, 1982; Recordando, ca. 1985; Después de la noche el día, 1985; Paisaje, 1986). Gusta de los azules y rojos, con pinceladas alargadas, y en otros casos, mucho más empastadas.

## **A MODO DE CONCLUSIÓN**

Cuando te encuentras frente a Encarna Penela se percibe una sensibilidad innata, unas inquietudes que laten y que aún perduran, a sus noventa años de edad. “Me intereso mucho por las cosas- me comenta - Aún tengo inquietudes, leo mucho- Sentimos entonces una “vibración interna”. Un movimiento interior que la acompaña. Está presente en su obra. En algunas piezas maduras ese movimiento se muestra libre de “ligaduras” invisibles, buscan la verticalidad, fluyen sin contención. Recogemos la imagen de estas piezas que se liberan, para con ellas, veinte años después de su “silencio”, liberen a Encarna.